




Rúa Tabernas, 11  
15001 A Coruña  
Tlf.: 981 20 73 08  
Fax: 981 21 64 67



A Real Academia Galega (RAG) , ante a apertura do proceso de solicitude de novos dominios xenéricos de primeiro nivel (gTLD), declara que:

- A Real Academia Galega é a máxima institución representativa da lingua galega, que ten, entre outros obxectivos, a defensa, ilustración e o estudo da cultura galega, e de maneira moi especial da lingua galega. Creada en 1906, na actualidade é a autoridade que ten a responsabilidade da elaboración e actualización permanente das normas ortográficas e morfosintácticas para a escritura da lingua galega, e a de velar pola actualización e corrección do léxico da lingua galega, segundo se establece na Lei 3/1983, do 15 de xuño, do Parlamento de Galicia (coñecida como “Lei de Normalización Lingüística”) e no Real Decreto 271/2000.

Actualmente forman o Plenario da RAG os seguintes académicos numerarios, que constitúen unha representación das personalidades más destacadas dentro dos creadores literarios e dos estudosos da lingua e cultura galegas: Xosé Luís Méndez Ferrín, Xosé Luís Axeitos Agrelo, Manuel González González, Euloxio Rodríguez Ruibal, Francisco Fernández Rei, Xesús Alonso Montero, Rosario Álvarez Blanco, Xosé Ramón Barreiro Fernández, Darío Xohán Cabana Yanes, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, Víctor Fernández Freixanes, Andrés Fernández-Albalat Lois, Xesús Ferro Ruibal, Xosé Luís Franco Grande, Salvador García-Bodaño Zunzunegui, Bernardino Graña Villar, Xaime Illa Couto, Margarita Ledo Andión, Ramón Lorenzo Vázquez, Xosé Henrique Monteagudo Romero, Xosé Neira Vilas, Luz Pozo Garza, Manuel Rivas Barrós, Antón Santamarina Fernández, Xohana Torres Fernández, Andrés Torres Queiruga e Ramón Villares Paz.

- Os datos de contacto son: Real Academia Galega, Rúa Tabernas, 11, E-15001 A Coruña, España; Teléfono 34-981207308, email [secretaria@realacademiagalega.org](mailto:secretaria@realacademiagalega.org)

- A RAG apoia a candidatura ao gTLD para a comunidade lingüística e cultural ".gal", remitida á ICANN pola Asociación Puntogal.

- A RAG coñece que a candidatura presentada pola Asociación Puntogal para o dominio de primeiro nivel ".gal" :

- busca promocionar a lingua e a cultura galegas nas novas tecnoloxías, especialmente en internet;



- que un gTLD ".gal" servirá de punto de encontro á comunidade lingüística galega, especialmente á que se encontra fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, esparexida por todos os países do mundo;
  - que os posibles beneficios económicos que xere o dominio ".gal" serán reinvestidos en programas que fomenten o uso do galego nas novas tecnoloxías;
  - que o gTLD ".gal" contribuirá á ecoloxía lingüística e a reflectir a diversidade cultural e lingüística do globo na Internet e no DNS.
- A RAG coñece que a Asociación Puntogal é unha entidade sen ánimo de lucro, na que colaboran máis de cen organismos da comunidade lingüística e cultural galega; entre os que figuran as principais institucións culturais e lingüísticas de Galicia e ducias de colectivos da emigración e de asociacións de base que traballan pola promoción do galego.

Polo tanto, a Real Academia Galega comunica á ICANN o seu apoio expreso á candidatura ao gTLD ".gal" para a comunidade cultural e lingüística galega remitida pola Asociación Puntogal.

A Coruña, 22 de marzo de 2012

Asdo.: Xosé Luís Méndez Ferrín  
Presidente da Real Academia Galega

